

# XXVII CONCURSO DE CONTOS VILA DE PONTEDEUME



## Bases:

1. O concurso de contos está restrinxido a estudantes de Segundo Ciclo da ESO, Bacharelato e Ciclos de Formación de Grao Medio ou Superior, cuxa idade non supere os 20 anos.
2. O idioma a empregar será a lingua galega. Os participantes concorrerán **cunha única obra**.
3. Os contos serán inéditos cunha extensión entre os 6 e 10 folios mecanografados a dobre espazo e por unha soa cara.
4. As obras poderán presentarse directamente ou ben ser remitidas por correo certificado ao Rexistro Xeral do Concello de Pontevedra (rúa Real 13, 15600 Pontevedra. A Coruña) en sobre pechado co título da obra e lema ou pseudónimo do autor, acompañado doutro pequeno sobre, tamén pechado, no que conste o auténtico nome e apelidos do autor, así como a fotocopia do seu D.N.I., teléfono, enderezo e indicación do centro no que cursa os seus estudos e estudos que está cursando.
5. Tamén se poderán remitir por correo electrónico a [alejandro.cainzos@pontevedra.gal](mailto:alejandro.cainzos@pontevedra.gal). Ao correo deberán xuntárselle dous arquivos, un co conto e outro con datos persoais do/a autor/a.
6. O prazo de presentación remata o **7 de abril de 2017**.
7. Estabéllese un **único premio dotado con 476 €**.
8. O premio poderá quedar deserto de non existiren obras de calidade a xuízo do xurado.
9. Así mesmo o xurado poderá determinar o outorgamento de accésits.
10. A decisión do xurado é inapelábel. A composición do xurado difundirase a través dos medios de comunicación unha vez rematado o prazo de presentación dos contos. A decisión do xurado comunicáraselles aos participantes e público en xeral o mesmo día da entrega dos premios, e asemade difundirase a través dos medios de comunicación.
11. O día da entrega dos premios será o día **17 de maio de 2017**, Día das nosas letras.
12. O Concello resérvase a posibilidade de publicar o premio e accésits no momento que considere conveniente. Neste sentido, o/a autor/a renuncia a calquera tipo de remuneración polos seus dereitos de autor e o/os exemplar/es que entregue da súa/s obra/s quedarán en propiedade do Concello de Pontevedra.
13. A organización resérvase o dereito de cancelar o concurso ou resolver os imprevistos sen estar obrigada a comunicarlle previamente aos participantes.
14. A participación no concurso implica a aceptación das presentes bases.

\* Este premio está suxeito á retención vivente do I.R.P.F. (R.I.R.P.F. art. 70)

Teléfono de información: 981 43 25 98



Pontevedra